



CIRCULAR ies Sofía Casanova 09 de maio de 2011

Avaliación de Diagnóstico 2010-2011

Estimados nais, pais e titores:

A Lei Orgánica de Educación (LOE), lei básica que rexe a Educación no Estado, establece a necesidade de avaliar ao alumnado de segundo curso de ESO na adquisición de competencias básicas. E sendo que o/a seu/súa fillo/a ou titorando/a está entre os/as que terán que facer as probas, achégase a continuación unha información básica para o seu coñecemento:

- Finalidade: formativa e orientadora para os centros e informativa para as familias e para o conxunto da comunidade educativa, carece de efectos académicos.
- Trátase dunha avaliación que implica a todos os centros educativos que imparten ensinanza básica. Debe dar lugar a compromisos de revisión e mellora nos centros a partir dos resultados que dela se obteñan.
- O marco teórico para a súa realización é o establecido para a avaliación xeral de diagnóstico que realiza o MEC, a través do Instituto de Avaliación.
- Avalíanse tres competencias: competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática e a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tipo de probas: probas de lapis e papel e rexistros de audio (para a comprensión oral) mediante caderniños do alumnado, cuestionarios dirixidos á dirección, titores, alumnado e familias. Este último se remitirá para cumprimentar nas casas con carácter voluntario, agradecéndose a colaboración para a mellor avaliación do centro.
- As sesións de avaliación terán lugar o Mércores 11 e o Xoves 12. O resultado das mesmas non terá uso para a avaliación do alumnado, que contestará anonimamente as mesmas. A organización será a seguinte:
 - Mércores 11. O alumnado se recibirá na aula, para dirixirse logo ao salón de actos onde recibirá as últimas instrucións. A primeira proba, ás 9 horas, será a de competencia en comunicación lingüística, tendo 60 minutos para responder. Tras dun descanso de 20 minutos contestará ao cuestionario de competencia matemática. Ao rematar continuarán co horario lectivo do día.
 - Xoves 12. Igual procedemento. Ás 9 h pasarase o caderniño de competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico durante 60 minutos. Tras o descanso de 20 minutos rematarase cos cuestionarios de contexto durante 45 minutos.
- Os cuestionarios recollen aspectos referidos ao contexto sociocultural do alumnado e dos centros. Deles extráese o índice socioeconómico e cultural (ISEC). Existen distintos tipos: dirixidos á dirección do centros, titores, alumnado e familias.
- A confidencialidade de todo o proceso está garantida pola Lei Orgánica 7/2007 do Estatuto básico do empregado público e pola Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal



- Cos datos obtidos elaboraranse dous informes:
 - Informe individual de centro, ao que só terá acceso o propio centro. Detallará información sobre a puntuación acadada polo centro en cada unha das competencias, os elementos que as compoñen, grupo ISEC ao que pertence o seu centro, xunto coa puntuación media dos centros que pertencen ao seu mesmo grupo ISEC e a media de Galicia. Non se aportan datos que permitan a clasificación de centros, nin de aula, nin do alumnado individualmente (art. 144 da LOE). Dos resultados xerais deste informe recibirá un resumo cada familia do alumnado participante.
 - Informe xeral de resultados, informe global sobre os datos xenéricos de toda a comunidade.
- Avaliación de contraste: Corre a cargo da inspección educativa. Farase nunha mostra significativa de centros, aos que se lles requirirán os materiais.

Sen máis, aproveito a ocasión para saudalos e quedo ao seu dispor para cantas aclaracións precisen.

Juan Rodríguez Silvar
Director

Podese atopar as referencias legislativas na páxina web do centro,